

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E O CONCELLO DE SILLEDA PARA O MANTEMENTO DA INSTALACIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS EN DITO CONCELLO**

Data : 1 de xullo de 2025

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Ildefonso de la Campa Montenegro, en nome e representación da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo con CIF con C.I.F. A-15348386 e enderezo en Estrada Santiago-Noia Km 3, A Barcia, Santiago de Compostela, en calidade de Director de Administración e Relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

Doutra parte, Paula Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda, con CIF P 3605200 I e domicilio na Rúa do Trasdeza nº 55, 365440 Silleda, Pontevedra.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

### **EXPOÑEN**



**Primeiro.-** Que o Camiño de Santiago, declarado Patrimonio Mundial e/ou itinerario Cultural Europeo, está a experimentar nos últimos anos un importante desenvolvemento que atrae cada ano a un elevado número de peregrinos. Xunto á súa relevancia como itinerario espiritual e cultural unido aos valores patrimoniais e paisaxísticos asociados ao mesmo, o Camiño de Santiago contribúe notablemente ao desenvolvemento económico e social dos municipios por onde discorre e constitúe un elemento identificador de Galicia no exterior.

Para desenvolver esta acollida e hospitalidade a Xunta de Galicia posúe unha rede pública de albergues de peregrinos, á que pertence o albergue de peregrinos, sito en Bandeira-Silleda, Agro do Valo, no polígono 511, parcela 1015; referencia catastral 36052C511010150000TE, co fin de que continúe en dita ubicación o albergue para uso dos peregrinos nesa localidade.

Ademais do Camiño Francés, declarado ben de interese cultural, primeiro itinerario cultural europeo e Patrimonio da Humanidade, así como no Camiño Norte atópanse tamén as outras rutas que se pretenden revitalizar e que supoñen tamén un progreso para os pobos pólos que transcorren os reflectidos camiños como é a Vía da Prata .

**Segundo.-** A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, de acordo co artigo 2 dos seus Estatutos, ten por obxecto social, entre outros, *"a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues"*.

Por tanto e de interese tanto para a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, como para os Concellos polos que discorre a Vía da Prata asinar acordos coa finalidade de dotar os Concellos dos camiños, de albergues



de peregrinos, que permitan a estes pernoctar o final das etapas recorridas.

O Concello de Silleda e a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo asinaron un acordo con data 29 de xullo de 2011 polo que se poñía a disposición da Sociedade un terreo para instalación de módulos prefabricados con destino a albergue.

No dito acordo asinado no ano 2011 establecíase que a cesión do terreo se realizaba por un período de 15 anos a contar dende a sinatura do documento de cesión e cuxa vixencia está próxima a rematar.

Ante o mútuo interese por ambas partes intervintes no presente acordo de seguir mantendo o albergue de peregrinos na ubicación actual nos vindeiros anos, faise preciso asinar un novo acordo de colaboración que permita contar cun albergue público na localidade de Bandeira (Concello de Silleda).

En virtude do exposto, as partes acordan a celebración do presente convenio, de acordo coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA:**

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Silleda, con destino a darlle continuidade ao albergue de peregrinos sito nese municipio e que forma parte da rede de albergues.

### **SEGUNDA:**



O Concello de Silleda cede o uso á Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, do terreo no Concello de Silleda sito en Bandeira-Silleda, Agro do Valo, no polígono 511, parcela 1015; referencia catastral 36052C511010150000TE, co fin de que continúe en dita ubicación o albergue para uso dos peregrinos nesa localidade.

### **TERCEIRA:**

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo obrigase a:

- a) Manter aberto o albergue con destino aos peregrinos que se achegan a Santiago de Compostela agás causas de forza maior.
- b) Asumir totalmente os custos funcionais do edificio.
- c) Obter todos os permisos, licenzas ou autorización que resulten necesarias para a explotación, xestión e mantemento do inmovible.
- d) A realizar e sufragar todas as obras de mantemento e equipamento necesarios para o correcto desenvolvemento da actividade obxecto deste convenio.
- e) Responsabilizarse da xestión e explotación do edificio pola súa conta e risco, sendo responsable directo do estado do inmovible e das súas instalacións, das obrigas contraídas e dos danos e prexuízos causados. Así mesmo das autorizacións e licencias necesarias.
- f) Aboar, en compensación pola cesión de uso da parcela mencionada na cláusula anterior, a cantidade anual de 3.600€ máis o iva correspondente, cantidade que será actualizada anualmente por aplicación do IPC xeral correspondente publicado polo INE para ese período.

O pago realizarase anualmente, ao inicio de cada período, previa presentación de factura por parte da entidade cedente, no prazo



máximo de 30 días dende a recepción da mesma, ou por anos naturais ao comezo de cada período se así o acordan ambas partes.

#### **CUARTA:**

O Concello de Silleda obrigase a:

Cesión do terreo descrito na cláusula segunda por un prazo de 15 anos dende a sinatura do presente convenio. No caso de que se produza algunha incidencia coa propiedade que impedisese o uso de terreo, sería de conta do Concello a obtención dun novo terreo cos servizos básicos, sendo de conta da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, a adecuación do novo terreo e os gastos de traslado e nova instalación.

#### **QUINTA:**

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e por un período de 15 anos

O PRAZO COMENZARA DENDE A POSTA A DISPOSICION DO ALBERGUE a S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

#### **SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCION**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- Polo transcurso do tempo de vixencia do convenio
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O mutuo acordo dos asinantes.
  - A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
  - Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.
- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

#### **SÉTIMA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como propoñer solucións das posibles controversias que xurdan da citada execución, créase unha Comisión de Seguimento. Esta comisión estará integrada por dous representantes designados polo CONCELLO DE SILLEDA e dous pola **S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO**

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **OITAVA: NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

## **NOVENA**

Este acordo queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que o exclúe expresamente no artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado, así como toda a normativa sectorial aplicable.

## **DECIMA : PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a SA



XESTION DO PLAN XACOBEO ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que o Concello ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

## 2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A SA XESTION DO PLAN XACOBEO ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a tramitación do presente convenio

As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información



adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

O Concello comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á SA XESTION DO PLAN XACOBEO para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

#### **UNDECIMA.-**

O concello autoriza a publicidade dos datos relevantes deste convenio nos termos previstos na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, así como no relativo á aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, que regula a transparencia e o bo goberno no ámbito da Administración pública de Galicia no seu artigo 15.

Pola S. A. de Xestión

Polo Concello de Silleda

Ildefonso de la Campa Montenegro

Paula Fernández Pena